

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de maio de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza
D. Eudosio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e catorce minutos do día catorce de maio de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(658).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(659).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO 45º RALLYE RÍAS BAIXAS 2008 EN VIGO OS DÍAS 29, 30 E 31 DE MAIO DE 2009. EXPTE. 8586/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.05.09, o informe de fiscalización do 12.04.09, e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do ImD, do 20.04.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Escudería Rías Baixas, para a celebración da 45º Edición do Rallye Rías Baixas, que se vai celebrar na cidade os días 29, 30 e 31 de maio de 2009 e que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar e dispoñer o gasto de 40.000,00 €. a favor da entidade Escudería Rías Baixas, CIF: G-36645398, e con enderezo social na 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210. O pagamento realizarase na conta 2080 0147 11 0040003914 con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 do vixente orzamento.

3º.- Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración, e de acordo coas características especiais deste evento, dados os gastos previos á actividade que ten a organización:

O 50% (20.000,00€) do importe total proposto, será abonado á Escudería Rías Baixas, como un fondo a justificar a través da conta habilitada Nº 0000 74 004027 0465 do Servizo de Deportes, á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Escudería Rías Baixas CIF: G-36645398, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación sétima do presente convenio.

4º.- Habilitar ó Concelleiro delegado de deportes do Concello de Vigo, D. Fco. Xabier Alonso Pérez para asinar este convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dousmil nove

REUNIDOS

Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don/dona Fernando Mouriño Sío como presidente da asociación Escudería Rías Baixas CIF nº G-36645398 e enderezo social en 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8586-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- *Que o Rallye Rías Baixas que se vai celebrar en Vigo entre o 29, 30 e 31 de maio de 2009, é unha das probas pertencente ó Campionato de España da modalidade co máximo coeficiente na súa valoración, que é a competición de maior importancia na modalidade a nivel Nacional, contando coa participación dalgúns dos mellores pilotos da especialidade, e converténdose desta forma no referente da modalidade a nivel nacional na data de celebración, tanto para os afeccionados como para os visitantes da nosa cidade, e polo tanto tendo un alto interese público e social, dada a súa natureza de promoción e difusión do programa deportivo Asemade, a Escudería Rías Baixas é a entidade que ven organizando este Campionato de talla nacional en diferentes ocasións, cumprindo coas peculiaridades técnicas e especificidades a nivel organizativo da proba, sendo ademáis a única entidade que ten a capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas no seu proxecto e as autorizacións Federativas.*

II.- *Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- *Promocionar a cidade de Vigo no ámbito deportivo e turístico como sede de grandes espectáculos deportivos capaces de atraer a atención Internacional durante o desenvolvemento da competición.*
- *Colaborar co ámbito de desenvolvemento do deporte como referencia para os deportistas da cidade.*
- *Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.*
- *Promocionar o deporte-espectáculo na cidade de Vigo como alternativa de ocio.*
- *Consolidar á cidade de Vigo como unha das referencias a nivel Internacional no ámbito deportivo.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento do deporte espectáculo no ámbito da cidade de Vigo.*
- *Consolidar o nivel da imaxe deportiva da cidade de Vigo.*

III.- *Que na devandita actividade a subvencionar, e na subvención mesma, concurren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á entidade Escudería Rías Baixas co obxectivo de coadjuvar a financiación do evento.*

Neste sentido, a entidade organizadora do Rallye, solicitou no ano 2008 á Federación Española de Automovilismo unha autorización para a ampliación das actividades deportivas incluídas no evento Rallye Rías Baixas, consistente nunha competición automobilística en circuito pechado na área de influencia da praia de Samil.

A inclusión desta proba en circuito pechado implica un incremento sustancial da envergadura e das dificultades nas labores organizativas do evento, xa que se estima que poidera atraer a máis de quince mil afeccionados, e un importante incremento no presuposto de gastos relacionados coa organización do mesmo. A confirmación e autorización para o desenvolvemento da devandita proba, e a confirmación por parte da Federación Española de Automovilismo da idoneidade e adecuación do circuito proposto pola organización, foi recibida pola mesma xa no ano 2009, o que impediu que o importe da subvención para o desenvolvemento do Rallye Rías Baixas poidera ser definido con anterioridade a esta data, e polo tanto incluído nominativamente no presupostos do Concello de Vigo para o ano 2009.

Ademáis, a Escudería Rías Baixas é a entidade que ven organizando este Campionato de talla internacional desde o seu inicio, cumprindo coas peculiaridades técnicas e especificidades a nivel organizativo da proba, e sobre todo sendo ademáis a única entidade que ten a capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas no seu proxecto e as autorizacións Federativas necesarias para o desenvolvemento da proba. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- *Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o*

presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación da 45ª edición do Rallye Rías baixas.

V.- Que a entidade Escudería Rías baixas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8586-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo, social e turístico que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Escudería Rías Baixas, o Concello de Vigo e a dita entidade Escudería Rías Baixas convenen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Escudería Rías Baixas comprométese a colaborar coa Concellería de deportes do Concello de Vigo en canto á organización da 45ª edición do Rallye Rías baixas e, concretamente, a:

1º.- Organizar o "45º Rallye Rías baixas" que se vai celebrar en Vigo conforme ao proxecto xeral presentado entre o 29, 30 e 31 de maio de 2009.

2º.- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.

3º.- Empregar o galego como idioma cooficial da proba en todos os medios de difusión e promoción. Así mesmo, durante a celebración do evento, figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.

4º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude.

5º.- Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Escudería Rías Baixas na realización dos trámites necesarios ante o Concello de Vigo para a realización do evento deportivo "45º Rallye Rías Baixas" que se vai celebrar en Vigo entre o 29, 30 e 31 de maio de 2009.

2º.- Autorizar a organización da 45ª Edición do Rallye Rías Baixas á Escudería Rías Baixas, para a celebración do mesmo os días 29, 30 e 31 de maio de 2009.

3º.- Conceder directamente á entidade Escudería Rías Baixas unha subvención por importe de 40.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da 45ª Edición do Rallye Rías Baixas que se vai celebrar na cidade de Vigo os días 29, 30 e 31 de maio de 2009.

4º.- Para o pago do importe da subvención se procederá a un pago anticipado de acordo coas seguintes condicións:

O 50% (20.000,00€) do importe total proposto, será abonado á Escudería Rías Baixas, como un fondo a justificar a través da conta habilitada do Servizo de Deportes Nº 0000 74 004027 0465, á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Escudería Rías Baixas CIF: G-36645398, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación oitava do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50% do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe da Concellería de Deportes en calquera acto promocional da proba así como en todo o material gráfico e a cartelería editada con motivo da promoción do evento.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente polo importe da subvención recibida, e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou computadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de marzo de 2009 e o 15 de xuño de 2009.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

3(660).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE ESTATAL DE CONMEMORACIÓNS CULTURAIS PARA A CELEBRACIÓN DO BICENTENARIO DA CIDADE. EXPTE. 5632/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.05.09, o informe de fiscalización do 13.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Protocolo e Relacións Públicas, do 4.05.09, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio, que de seguido se transcribe e os anexos obrantes no expediente, a establecer entre este Excmo. Concello e para levar a cabo actos culturais conmemorativos do Bicentenario da cidade a celebrar durante este ano (ópera (Compendio sucinto de la Revolución Española de D. Ramón Garay Alvarez) e catro concertos a interpretar por “El Concierto Español y la Real Cámara”), cunha aportación dun 50% por parte deste Concello e isto con cargo á partida 111.0.227.06.13 (Bicentenario) e unha aportación do 50% por parte da Sociedade Estatal de conmemoracións Culturais; a aportación do convenio(50%) é de 328.850,80 euros.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto de 328.850,80 euros con cargo á partida 111.0.227.06.13(Bicentenario)(ou bolsa vinculación), para facer fronte ás obrigas económicas que para o Concello de Vigo, derivan da conclusión do convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 1.700€ con cargo á partida 111.0.227.06.13(Bicentenario)(Bolsa vinculación) ós efectos de dar cumprimento a cláusula terceira , último apartado no referente a liquidación de taquilla e aboamento SECC.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE ESTATAL DE CONMEMORACIÓNS CULTURAIS PARA A EXPOSICIÓN “CIDADES EN GUERRA 1808-1814: VIGO NA GUERRA DA INDEPENDENCIA”

En Madrid, a 18 de marzo de 2009

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez como ALCALDE do CONCELLO DE VIGO, en adiante CONCELLO, con domicilio en praza do Rei s/n e CIF P3605700H

E doutra parte, Dª Soidade López Fernández e D. Xose Luis Lorenzo García-Canido, presidenta e director de Proxectos, respectivamente, de SOCIEDADE ESTATAL DE CONMEMORACIÓNS CUL-

TURAI, con domicilio na rúa Fernando El Santo, 15, 28010 Madrid, con CIF A81553521, en adiante, SECC

Ambas partes, no carácter en que interveñen, recoñécense plena capacidade xurídica para contratar e subscribir o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO., Que o CONCELLO de conformidade co establecido no art. 25.2 da Lei de regulación das bases do réxime local exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e turismo.

SEGUNDO., Que o obxecto social da SECC é a preparación, organización e execución das actividades referidas ás conmemoracións de persoas, obras e acontecementos destacados da Historia e a Cultura de España, baixo a coordinación do Ministerio de Cultura.

TERCEIRO., Que no marco da conmemoración do bicentenario da Guerra da Independencia, a SECC vai organizar e producir unha serie de actividades en Vigo.

Que tanto a SECC como o CONCELLO, recoñecendo a coincidencia do seu interese na mellor promoción desta iniciativa, acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O CONCELLO e a SECC acordan a coorganización de:

- A exposición “Cidades en Guerra, 1808-1814. Vigo na guerra da Independencia”, que se exhibirá na Casa das Artes de Vigo entre o 13 de maio de 2009 e o 12 de xullo de 2009.
- Catro concertos que interpretarán o Concerto Español e a Real Cámara, os días 8, 9, 16 e 17 de xuño de 2008 no Teatro Caixanova de Vigo.
- A Ópera “Compendio Sucinto da Revolución Española” de Ramón Garay Álvarez, interpretado por “La Grande Chapelle”, o 19 de maio no Teatro Caixanova de Vigo.

SEGUNDA.- O orzamento definitivo para a exposición, que se unirá como anexo I ao presente contrato formando parte inseparable deste, ascende a 421.700 € (CATROCIENTOS VEINTIUN MIL SETECENTOS EUROS), máis IVE. As partes acordan contribuir ao seu financiamento co 50% de acordo cos orzamentos, isto é 210.850 € (DOUSCENTOS DEZ MIL OITOCIENTOS CINCUENTA EUROS), máis IVE.

O CONCELLO aboará á SECC, trala presentación de facturas, con todos os requisitos establecidos na lexislación vixente e de acordo co seguinte calendario:

- 10% á sinatura do presente convenio.
- 50% á inauguración da exposición.

- O resto á liquidación da coprodución

Finalizada a exposición a SECC elaborará un balance de gastos incorridos, que remitirá ao CONCELLO para liquidar a coprodución.

O CONCELLO poñerá á disposición da SECC de forma gratuita, a sala de Casa das Artes, nas condicións habituais de funcionamento no que fai a vixilancia, limpeza e seguridade, para a exhibición da mostra.

A SECC, como produtora executiva, asumirá a contratación e pagamento de todas as partidas que se detallan no mesmo anexo do orzamento.

En virtude deste acordo, O CONCELLO e a SECC asumen a condición de COORGANIZADORES da exposición.

TERCEIRA.- Os concertos que terán lugar no Teatro Caixanova de Vigo, son os seguintes:

- “Unha academia ilustrada de 1808”, pola Real Cámara, o día 8 de xuño de 2009
- “O Sinfonismo Español Ilustrado”, polo Concerto Español, o día 9 de xuño de 2009
- “O concerto espiritual en España”, polo Concerto Español, o día 16 de xuño de 2009
- “A Tirana contra Mambrú”, polo Concerto Español, o día 17 de xuño de 2009.

Para iso, a SECC chegou a un acordo coa Real Cámara e co Concerto Español, o 12 de maio de 2008.

Os orzamentos definitivos para os catro concertos, que se achegan como anexo II, ascenden a 151.400€ (CENTO CINCUENTA E UN MIL CATROCIENTOS EUROS), máis IVE. As partes acordan contribuir ao seu financiamento co 50% de acordo cos orzamentos, isto é 75.700€ (SETENTA E CINCO MIL SETECENTOS EUROS), máis IVE.

O CONCELLO aboará a SECC, trala presentación da facturas, con todos os requisitos establecidos na lexislación vixente e de acordo co seguinte calendario:

- 10% á sinatura do presente convenio.
- 50% á realización do primeiro concerto.
- O resto á liquidación da coprodución.

Finalizado o último concerto a SECC eleborará un balance de gastos incorridos, que lle remitirá ao CONCELLO para liquidar a coprodución.

A SECC, como produtora executiva, asumirá a contratación e pagamento de todas as partidas que se detallan no memo anexo do orzamento.

Será responsabilidade do CONCELLO a posta a disposición do teatro nas condicións óptimas para a realización dos concertos. O CONCELLO remitirá, trala súa celebración, unha folla de liquidación de despacho de billetes para proceder ao aboamento do 33% dos ingresos á SECC. A diferenza ata o 50% entenderá aplicada á parte dos gastos de organización dos concertos correspondentes á SECC.

En virtude deste acordo, O CONCELLO e a SECC asumen a condición de COORGANIZADORES dos concertos.

CUARTA.- A Ópera “Compendio Sucinto da Revolución Española” de Ramón Garay Álvarez, será interpretada por “Le Grande Chapelle”, o 19 de maio no Teatro Caixanova de Vigo.

O orzamento definitivo para a súa representación, que se achega como anexo III, ascenden a 84.601,60 € (OITENTA E CATRO MIL SEISCENTOS UN EURO CON SESENTA CÉNTIMOS), máis IVE. As partes acordan contribuir ao seu financiamento co 50% de acordo cos orzamentos, isto é 42.300,80 € (CORENTA E DOUS MIL TRESCENTOS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS), máis IVE.

O CONCELLO abonaralle á SECC, trala presentación de facturas, con todos os requisitos establecidos na lexislación vixente e de acordo co seguinte calendario:

- *10% á sinatura do presente convenio.*
- *50% á contratación dos intérpretes (La Grande Chapelle).*
- *O resto á liquidación da coprodución.*

Finalizada a representación a SECC elaborará un balance de gastos incorridos, que lle remitirá ao CONCELLO para liquidar a coprodución.

A SECC, como produtora executiva, asumirá a contratación e pagamento de todas as partidas que se detallan no mesmo anexo do orzamento.

Será responsabilidade do CONCELLO a posta a disposición do teatro nas datas e coas condicións óptimas para os ensaios e o desenvolvemento da ópera. O CONCELLO remitirá, trala súa realización, unha folla de liquidación de despacho de billetes para proceder ao aboamento do 33% dos ingresos á SECC. A diferenza ata o 50% entenderase aplicada á parte dos gastos de organización da ópera correspondentes á SECC.

En virtude deste acordo, O CONCELLO e a SECC asumen a condición de COORGANIZADORES dos concertos.

QUINTA.- Os logotipos das partes, nas condicións regulamentariamente establecidas, figurarán en todos os materiais que se elaboren para a promoción e divulgación das actividades obxecto do presente contrato (carteis, programa de man, catálogos, folletos, etc.) en igualdade de condicións como coorganizadoras. Poderán figurar, así mesmo, os logotipos doutras entidades que interveñan na or-

ganización das actividades, de acordo co establecido na cláusula décima, en función da forma en que participen. No caso da ópera, constará que é unha produción da SECC e do Festival de Música Antigua de Úbeda e Baeza.

As partes figurarán en igualdade de condicións nas invitacións para as inauguracións das actividades nas súas distintas sedes, de acordo co protocolo do Estado. Se é o caso, figurará o Ministro de Cultura ou outro representante do Goberno que asista á inauguración.

Así mesmo, informarase da coprodución en todas as comunicacións á prensa relacionadas coa exposición prevista no presente contrato, e un representante da SECC participará xunto a un do CONCE- LLO nas roldas de prensa que se convoquen para a súa presentación, se é o caso.

Corresponderá a cada unha das partes o 50% da tirada dos catálogos, unha vez atendidos os compromisos comúns de prestadores, protocolo, prensa, etc.

SEXTA.- As partes comprométense a realizar os máximos esforzos para conseguir a maior notoriedade e publicidade a esta colaboración.

SEPTIMA.- As partes non quedarán vinculadas a responsabilidades de ningún tipo en que puidese incurrir a outra parte, na orde social, laboral, ou de calquera outro carácter.

OITAVA.- No caso de que por calquera circunstancia as exposicións previstas no presente contrato non puidesen realizarse, reintegraráselle ao CONCELLO todos os desembolsos que realice, unha vez atendidos os compromisos xa adquiridos.

NOVENA.- Queda expresamente prohibida a cesión por calquera das dúas partes de calquera dos dereitos e obrigas derivadas do presente convenio de colaboración, sen contar previamente co consentimento por escrito da outra parte.

DÉCIMA.- As partes poderán negociar o patrocinio das actividades a que se refire o presente contrato con entidades de relevante prestixio estatal ou internacional, se ben deberán informarlle á outra parte dos acordos que se estean tramitando antes de asumir compromisos.

O importe obtido con estes patrocinios reducirá o custo da exposición para os efectos da liquidación de coprodución.

DECIMOPRIMERA.- O presente convenio constitúe a manifestación expresa da vontade das partes en relación coa materia aquí contida. Calquera modificación a este convenio, deberá ser feita por escrito e asinada por ambas partes.

DECIMOSEGUNDA.- Este contrato rexerase e será interpretado de acordo ás leis españolas.

E en proba de conformidade, asínase o presente acordo no lugar e data indicados.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.